

PLAN DE ACTUACIÓN 2020

ENTIDADE: FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

CIF: G15140023

Nº DE REXISTRO:1988/1

EXERCICIO: 2020

DATOS DA ENTIDADE:

Domicilio: R/ HÓRREO 61

Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA

Código postal: 15701

Provincia: A Coruña

Correo electrónico: SANTIAGO@FUNDACIONGALICIAEUROPA.EU

Teléfono:+34 981 54 10 12

1.- ACTIVIDADES	1
ACTIVIDADE 1 : DEFENSA DOS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE.....	1
A)Identificación	1
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	9
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	9
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	9
ACTIVIDADE 2 : INFORMACIÓN SOBRE A UNIÓN EUROPEA EN GALICIA	10
A)Identificación	10
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	12
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	12
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	12
ACTIVIDADE 3 : FOMENTO DA PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EUROPEOS.....	13
A)Identificación	13
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	15
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	15
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	15
ACTIVIDADE 4: FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A REALIDADE EUROPEA.....	16
A)Identificación	16
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	18
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.	18
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	18
2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE	19
3.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE	20
3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade.....	20
3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade.....	20

1.- ACTIVIDADES

ACTIVIDADE 1 : Defensa dos intereses de Galicia ante a UE

A)Identificación

Denominación da actividade	Defensa dos intereses de Galicia ante a UE
Tipo de actividade*	Accións para garantir a representación de Galicia ante a UE Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Bruxelas/Santiago

Descrición detallada da actividade prevista

A defensa dos intereses galegos ante as institucións europeas necesita dunha sólida representación na capital comunitaria a través da cal se traballe para que a toma de decisións a nivel comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da nosa realidade e dos nosos intereses. Tal e como recolle o Decreto de Acción Exterior da Xunta de Galicia -aprobado en 2015-, este labor de representación é desempeñado pola Fundación Galicia Europa, mediante o desenvolvemento de múltiples actividades:

- Seguimento das políticas europeas
- Apoio á participación da C.A. galega nas institucións e órganos comunitarios
- Organización de visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas
- Organización de seminarios
- Participación en redes de cooperación interrexional
- Ocasionalmente, accións de promoción de Galicia en Bruxelas desde un punto de vista cultural, turístico ou comercial



2020 será o ano no que empece a andar a Comisión Europea dirixida por Ursula Von der Leyen coas seis prioridades políticas que se marca:

1. Un Pacto Verde Europeo
2. Unha economía que funcione en prol das persoas
3. Unha Europa adaptada á era dixital
4. Protección do noso estilo de vida europeo
5. Unha Europa máis forte no mundo
6. Un novo impulso á democracia europea

Será, ademais, o ano en que se culmine -previsiblemente- a saída de Reino Unido da UE e no que os líderes dos 27 Estados membros han de chegar a un acordo sobre o marco orzamentario da UE para os anos 21 a 27.

Neste contexto, a Fundación Galicia Europa centrará o seu labor de defensa dos intereses galegos nas seguintes áreas:

1. Marco Financeiro Plurianual 2021-2027

A FGE segue atenta ás negociacións en curso para defender os intereses galegos e tratar de suavizar a probable diminución de fondos en Galicia procedentes da política de cohesión debido ao contexto xeral de redución orzamentaria e ao trato preferente do que se beneficiou a comunidade neste período.

Prevese que o proceso negociador continúe durante o primeiro semestre do 2020 durante a Presidencia croata e mesmo que non se chegue a un acordo ata a Presidencia alemá durante o segundo semestre do ano.

Como coordinadora do Grupo de Traballo de Cohesión da rede informal de colaboración entre as oficinas de representación autonómica en Bruxelas (CORE), a FGE seguirá informando sobre este proceso e organizará reunións coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER) e coa Comisión Europea.

2. BREXIT

En 2020 a FGE seguirá prestando atención ao proceso de saída de Reino Unido da UE, facendo especial fincapé no tema





pesqueiro, con vistas á negociación de un acordo específico sobre este sector entre o Reino Unido e a UE, que haberá de ser negociado unha vez que se materialice o brexit.

En todo caso, en 2020 a FGE continuará co traballo realizado durante os tres anos anteriores, coordinando o grupo de traballo sobre Brexit da Comisión do Arco Atlántico da CRPM para defender os intereses destas rexións ante esta nova situación, organizando reunións con diferentes actores deste proceso e promovendo a adopción de declaracións políticas conxuntas como a realizada en 2019 sobre o brexit e a pesca.

3. Transición ecolóxica

A FGE seguirá traballando coa Xunta de Galicia para participar activamente nas iniciativas europeas que xurdan do futuro Pacto Verde Europeo, como o novo Plan de Acción para a Economía Circular ou o futuro Pacto Europeo sobre o Clima. Como unha das primeiras rexións europeas que xa contan cunha estratexia que fixa alcanzar a neutralidade climática en 2050, a FGE tratará de que Galicia contribúa ao debate europeo coa súa experiencia en produción e consumo de enerxías renovables, en promoción da economía circular coa súa recentemente adoptada estratexia para os anos 20 a 30 ou na implicación dos entes locais na loita contra o cambio climático no marco do Pacto de Alcaldes.

Doutra banda, seguirá promovendo a participación galega na Plataforma Europea para a transición das Rexións Carboníferas coa que a UE acompaña ás rexións que sofren o impacto económico e social da transición cara a enerxías máis limpas. Un dos principais logros desta plataforma é o futuro Fondo de Transición Xusta para axudar ás rexións e cidadáns máis afectados. A FGE velará para que este fondo poida contribuír ao desenvolvemento das comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas en Galicia.

4. I+D+i

A FGE seguirá colaborando coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) e reforzará a súa presenza en Bruxelas coa convocatoria



dunha bolsa máis de formación en asuntos de I+D+i ademais da actual, co obxectivo de facer un mellor seguimento das distintas iniciativas nesta materia a nivel europeo. O apoio reforzado á innovación no próximo período, coa creación do Consello Europeo de Innovación, ou a posta en marcha das chamadas “misións” de I+D+i en desafíos concretos e ambiciosos, como a loita contra o cancro ou a redución de plásticos no mar, son dous dos temas que esixirán un seguimento máis estreito.

Igualmente, a FGE traballará con:

- a Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (ATIGA) para dar a coñecer aos centros tecnolóxicos galegos ante os axentes europeos da I+D+i nun acto en Bruxelas. ATIGA renovou recentemente o seu convenio de colaboración con GAIN facendo especial fincapé na internacionalización da alianza.
- A conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste de Europa (CRUSOE) para organizar unha reunión do seu comité executivo en Bruxelas no marco do grupo de traballo sobre educación, cultura e I+D+i da macrorrexión do Suroeste Europeo (RESOE) composta por Galicia, Asturias, Cantabria, Castela e León e as rexións Norte e Centro de Portugal.

5. Políticas comúns agrícola e pesqueira

No primeiro semestre de 2020, a Xunta coordinará de novo a participación autonómica no Consello da UE en materia de agricultura. Durante este tempo, Parlamento e Consello deberán acordar unha redacción final dos regulamentos que rexerán os pagos directos e as axudas ao desenvolvemento rural para os anos 21 a 27.

En materia de pesca, farase un especial seguimento das últimas negociacións sobre o futuro Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro.



As consellerías de Medio Rural e do Mar manteñen un convenio de colaboración coa FGE para o seguimento das políticas comúns agrícola e pesqueira, e para analizar o seu impacto en Galicia. Para iso, dispoñen dunha asesora técnica especializada nestas materias na oficina da FGE en Bruxelas.

6. Transporte

A FGE continuará dando apoio á Consellería de Mobilidade e Infraestruturas para a súa participación no Foro do Corredor Atlántico, onde Galicia é observadora ata a súa entrada oficial neste corredor a partir de 2021. Participar neste foro permite á Xunta identificar tanto as oportunidades como as dificultades para a execución deste conxunto prioritario de infraestruturas a nivel europeo, que mellorará a conectividade de Galicia co resto de Europa.

Doutra banda, a FGE seguirá atenta aos traballos preparatorios para a revisión da Rede Transeuropea de Transporte en 2023 co fin de defender os intereses dunha rexión periférica como Galicia.

7. Outras prioridades políticas da nova Comisión Europea

A FGE dará seguimento á “Conferencia sobre o Futuro de Europa” que a nova Comisión Europea poñerá en marcha, así como ao resto de iniciativas ás que se comprometeu ante o Parlamento Europeo a presidenta da Comisión Europea, como a Estratexia Europea Destinada ás Pemes, a nova estratexia industrial, un plan de acción para o chamado Pilar Europeo de Dereitos Sociais ou a culminación do Espazo Europeo da Educación para 2025.

Mención especial merece a creación dunha carteira de Democracia e Demografía, dentro da Comisión Europea, que ostenta a croata Suica Dubravka, e á que se lle encarga un primeiro exercicio de mapeo das áreas máis afectadas, así como elaborar un Libro Verde sobre envellecemento.

A FGE seguirá traballando no seo da Rede de Rexións afectadas polo Cambio Demográfico (DCRN) para establecer un diálogo





directo con esta nova comisaria e contribuír ao seu obxectivo de axudar a Europa na “transición demográfica”, un concepto no que se inclúen aspectos moi dispares como a fuga de cerebros, os problemas específicos das áreas rurais, o apoio á infancia, os efectos do envellecemento e a conciliación da vida laboral e familiar.

Doutra banda, a FGE contribuirá en 2020 a a promoción do Ano Xacobeo 2021, como gran celebración cultural e turística en Galicia, que ha de servir para reforzar os vínculos con Europa, nun contexto no que se necesitan referencias que reforcen o sentimento de pertinencia común. Con este obxectivo, a FGE:

- Colabora na organización dun acto de presentación do Plan Estratéxico do Xacobeo en Bruxelas no mes de marzo para as autoridades comunitarias e belgas.
- Está a axudar na preparación dun seminario e reunión externos do Comité Europeo das Rexións en Santiago de Compostela no mes de xuño, nos que se abordará o fenómeno do Camiño de Santiago como modelo de turismo sustentable.
- Está a traballar coa Asociación de Alfombristas de Pontearreas, a Axencia Galega de Turismo e o Concello de Bruxelas para que o Camiño de Santiago sexa o tema da alfombra floral que cubrirá a Grande Place de Bruxelas entre os días 13 e 16 de agosto.

Respecto ás canles que empregamos para defender os intereses autonómicos no proceso comunitario de decisións, destacamos en 2020:

A. Comité das Rexións

O labor da FGE para asegurar unha participación activa no Comité Europeo das Rexións (CdR) continuará durante o próximo ano, no que se inaugura un novo mandato desta asemblea política de rexións e cidades da UE. O CdR está a ter un papel moi activo no fomento da subsidiariedade, en



valorar o impacto do Brexit nos entes locais e rexionais, e en chamar a atención sobre os retos demográficos aos que se enfrontan certas rexións europeas.

B. Visitas institucionais

A FGE seguirá deseñando axendas e asesorando aos membros do Goberno galego e outros altos cargos da Xunta nas súas visitas a Bruxelas. Estamos a traballar actualmente para unha visita do Presidente en marzo e outra da conselleira de Educación en xaneiro.

C. Redes de cooperación rexional europea

O seguimento e apoio á participación galega en redes de cooperación rexional europea é un dos instrumentos de traballo utilizados pola FGE á hora de axuntar sinerxias con outros territorios da Unión en defensa de intereses comúns. Galicia participa en varias redes de cooperación tanto de dimensión territorial, como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e a Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE), como sectorial, no campo da I+D+i (ERRIN), o turismo (NECSTOUR) ou a innovación industrial (Vanguard Initiative).

A FGE presta apoio aos distintos departamentos da Xunta de Galicia para sacar o máximo proveito a estas redes, tanto na defensa duns intereses comúns ante a UE, como para a posta en marcha de proxectos europeos por mor dos contactos feitos nelas.

En relación con NECSTOUR, a FGE contará de novo cun bolseiro da Axencia Galega de Turismo na súa oficina de Bruxelas para reforzar a participación galega nesta rede que pretende impulsar o turismo europeo e garantir a súa sustentabilidade.

No caso da CRPM, continuarase traballando especialmente na revisión da Rede Transeuropea de Transporte, na revisión da Estratexia marítima Atlántica Europea -apostando pola súa

conversión nunha verdadeira estratexia macrorregional - e no futuro da Política Rexional. É particularmente destacable o liderado exercido por Galicia nesta rede, a través da coordinación do grupo de traballo da Comisión Arco Atlántico relativo ao Brexit.

D. Presenza de Galicia en Bruxelas

A Fundación presta apoio a aquelas entidades galegas públicas ou privadas que queren achegarse a Bruxelas para participar de modo efectivo no proceso de decisión comunitaria e nos programas europeos. Con este obxectivo pon á súa disposición o coñecemento da Fundación Galicia Europa sobre o funcionamento das institucións comunitarias e o seu proceso decisorio, e facilítalles, no seu caso, un espazo común de traballo.

A oficina da FGE en Bruxelas quere ser un escaparate único de Galicia na capital europea e axuntar os esforzos dos diferentes sectores en beneficio do desenvolvemento de Galicia. É o caso actualmente de CONXEMAR e FEUGA, que alugan o seu espazo de oficina na propia sede da Fundación en Bruxelas.

O importe desta actividade asignado para 2020 distribuirase principalmente entre gastos de organización e participación en reunións e conferencias en Bruxelas, ademais da organización de visitas institucionais a Bruxelas.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	5	3.218
Bolseiros en prácticas	7	6.208
Persoal con contrato de servizos		
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas -directas	900
Persoas físicas - indirectas	5.500
Persoas xurídicas	40
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
DEFENSA DOS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE	Reunións do Comité das Rexións, reunións na Comisión Europea, reunións do Consello con participación galega, visitas institucionais, foros organizados pola Fundación, actividades culturais de Galicia en Bruxelas, reunións e foros con participación galega	350

ACTIVIDADE 2 : Información sobre a Unión Europea en Galicia

A)Identificación

Denominación da actividade	Información sobre a UE en Galicia
Tipo de actividade*	Información. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago / Bruxelas

Descrición detallada da actividade prevista.

A información é un dos eixos centrais do labor desenvolto pola Fundación Galicia Europa, pois constitúe un requisito indispensable para poder defender os intereses galegos e para facilitar a participación das entidades galegas en programas de financiamento comunitario.

A información canalízase a través de contactos directos cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia para levar a cabo unha adecuada defensa dos intereses galegos.

Para o gran público, a información difúndese a través do **portal web** www.fundaciongaliciaeuropa.eu e dos seus perfís nas redes sociais Facebook, Twitter e LinkedIn, podendo chegar así a segmentos de público especializados como entes locais, ONG, ou empresas.

A FGE conta cun boletín electrónico quincenal que reciben máis de 2.000 subscritores e colabora, ademais, mensualmente con ECO - Revista do Eixo Atlántico, elaborando artigos para explicar a actualidade comunitaria en Galicia

En 2020, a FGE dará prioridade a dous temas especialmente:

- O **brexit**, a través da web (brexitgalicia.eu) e do perfil en Twitter, creados especificamente en 2018 no marco do **Foro Galego do Brexit**. O último ano a web fíxose eco das diferentes medidas de continxencia adoptadas a nivel europeo e nacional para afrontar a posibilidade dunha saída sen acordo.
- A **información de interese para a mocidade**, a raíz do convenio asinado coa Consellería de Política Social en 2019, para o que se poñerá en marcha un apartado específico na web. Baixo a etiqueta **#Euroxuventude**, neste apartado recolleranse noticias europeas relacionadas con formación, voluntariado ou participación xuvenil, enlazando cando é necesario coa web específica da FGE “Guía de saídas laborais na UE e outras organizacións internacionais”.

En total, a FGE conta con dous sitios web e tres perfís en redes sociais.

A contía asignada a este obxectivo destinarase ao mantemento das páxinas web e ás tarefas de información europea para a mocidade.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	3	585
Bolseiros en prácticas	7	2556
Persoal oficina información europea novas	1	488
Persoal con contrato de servizos		
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas - directas	5.000
Persoas físicas - indirectas	25.000
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA	Portal web, boletín, colaboracións con revistas, oficina de información xuvenil	350

ACTIVIDADE 3 : Fomento da participación en proxectos europeos

A)Identificación

Denominación da actividade	Fomento da participación en proxectos europeos
Tipo de actividade*	Promoción da participación das entidades galegas en proxectos europeos. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

Descrición detallada da actividade prevista

A FGE márcase como obxectivo en 2020 explicar en Galicia as novas prioridades e mecanismos de financiamento da UE para o período financeiro 2020-2027, para facilitar a preparación ante o novo marco. Para isto, previu actuar en tres frentes:

- Promover o **debate sobre a programación de fondos 21-27 na Xunta de Galicia** mediante unha reunión a nivel de directores xerais da Xunta con responsables da Comisión Europea, para facilitar a planificación destes fondos.
- Comezar a elaborar unha **guía de financiamento comunitario 21-27**, similar á que publicou para o actual período, e destinada, principalmente, as entidades públicas e privadas galegas que aspiran a conseguir financiamento comunitario para os seus proxectos.
- **Informar sobre a estrutura e novidades do novo período** ante un público máis amplo en Galicia, dando preferencia aos máis de 150 participantes no programa TecEuropa.

TecEuropa trata de mellorar as capacidades de profesionais de entidades galegas públicas e privadas para participar en proxectos de dimensión europea. Mellorar as súas capacidades e coñecementos, e facilitar os contactos entre eles permitirá deseñar mellores proxectos, aproveitar as experiencias duns e outros en beneficio de

todos e, en suma, conseguir un maior impacto dos fondos europeos na nosa comunidade.

En 2020, a FGE continuará co seu **programa de especialización en financiamento comunitario TecEuropa**, que xa conta con 9 edicións e 180 participantes. Prevense dúas edicións: unha na súa modalidade clásica (semana de formación en Bruxelas e xornada práctica en Santiago) durante o primeiro semestre e unha dedicada á participación na “Semana Europea das Rexións e das Cidades”, tal e como fixo en 2019 por primeira vez.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	3	1.365
Bolseiros en prácticas	7	2191
Persoal oficina información europea novas	1	975
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	300
Persoas xurídicas	50
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
PROMOCION DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS	Asesoramento nas posibilidades de financiamento, asesoramento nas procuras de socios, cesión de salas, cursos de financiamento comunitario, apoio na xestión de proxectos	50

ACTIVIDADE 4: Formación e sensibilización sobre a realidade europea

A)Identificación

Denominación da actividade	Formación e sensibilización sobre a realidade europea
Tipo de actividade*	Formación. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

Descrición detallada da actividade prevista.

A maior parte dos recursos asignados a este obxectivo destinaranse a financiar **5 bolsas de formación** para mozos galegos nas oficinas da FGE de Santiago e Bruxelas. Tal e como se adiantou na actividade 1, punto 4, GAIN aumentará ata dous o número de bolseiros destinados á oficina de Bruxelas; e, tal como mencionouse no punto 1 C, a oficina de Bruxelas acollerá un novo bolseiro da Axencia Galega de Turismo.

A FGE está tamén pendente da firma dun convenio co IGAPE para acoller a un bolseiro na súa oficina de Bruxelas que faga un seguimento máis estreito de asuntos como o futuro dos fondos de apoio á competitividade, as directrices sobre as axudas de finalidade rexional ou a elaboración dunha estratexia industrial europea.

De forma paralela, a oficina da FGE en Santiago acolle a estudantes en prácticas das universidades galegas ao longo do ano, que tamén se benefician desta formación en asuntos comunitarios.

Co obxectivo de asegurar unha formación adecuada dos beneficiarios de todas estas bolsas, en 2020 estenderase a duración das bolsas da FGE de 11 a 12 meses, suprimíndose a bolsa de especialización en comunicación da oficina de Santiago.

Doutra banda, a FGE seguirá en 2020 participando e colaborando en diversos foros relacionados coas **posibilidades de emprego e prácticas na UE**, e organizando charlas coa Rede Galega de Información Xuvenil.

En relación co **Foro Galego do Brexit**, tras organizar sete actos en os dous últimos anos, a FGE prevé máis reunións en función de como se produza a saída do Reino Unido. O obxectivo deste foro é recompilar e difundir información relevante sobre a saída do Reino Unido da UE para aqueles actores en Galicia que poidan verse afectados.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	5	2.633
Bolseiros en prácticas	7	1.826
Persoal oficina información europea novas	1	488
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas – directas	800
Persoas físicas - indirectas	50
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE EUROPA EN GALICIA	Bolsas, cursos, seminarios e xornadas	30

2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS/INVESTIMENTOS	DEFENSA INTERESES GALICIA EN BRUXELAS	INFO SOBRE A UE EN GALICIA	PROMOCION DA PARTICIPACION EN PROXECTOS EUROPEOS	FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE EUROPA EN GALICIA	TOTAL ACTIVIDADES	Non imputados a actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
a) Axudas monetarias	0€	0€	0€	148.512,68€	148.512,68€	0€	148.512,68€
b) Axudas non monetarias	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno.	0€	0€	0€	800,00€	800,00€	0€	800,00€
Variacións de Existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Aprovisionamentos	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Gastos de persoal	131.093,21€	17576,43€	23.366,33€	97.851,44€	269.887,42€	0€	394.071,00
Outros gastos de Explotación	65.143,66€	21.066,84€	41.135,73€	37.826,84€	165.173,08€	0€	241.549,12€
Amortización do inmovilizado	32.312,40€	2.692,70€	2.692,70€	2.692,70€	40.390,50€	0€	53.854,00
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado.	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Gastos financeiros	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Impostos sobre beneficios	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Subtotal	228.549,28€	41.335,97€	67.194,76€	287.683,67€	624.763,68€	214.023,12€	838.786,80€
Investimentos (excepto bens patrimonio histórico)	0€	0€	0€	0€	0€	10.000,00€	10.000,00€
Adquisicións bens patrimonio histórico	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Cancelación débeda non comercial	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Diminución de subvencións	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Diminución de débedas	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Aumento de debedores comerciais e outras contas para cobrar	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Aumento de periodificacións a curto prazo	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Aumento de tesourería	0€	0€	0€	0€	0€	0€	0€
Subtotal	0€	0€	0€	0€	0€	10.000,00€	10.000,00€
TOTAL	228.549,28€	41.335,97€	67.194,76€	287.683,67€	624.763,68€	224.023,12€	848.786,80€

3.-PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	47.500,00€
Consellería de Política Social	42.500,00€
Consellería do Medio Rural	5.000,00€
Ingresos comúns das actividades mercantís	20.765,00€
Aluguer oficina	20.765,00€
Subvencións do sector público	740.171,80€
Xunta de Galicia	640.417,00€
Axencia Galega de Innovación	47.521,80€
Consortio Zona Franca de Vigo	18.000,00€
Deputación da Coruña	15.000,00€
Deputación de Lugo	15.000,00€
FEDER Lidera	4.233,00€
Achegas privadas	40.000,00€
ABANCA	40.000,00€
Outros tipos de ingresos	350,00€
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	848.786,80€

3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	
Outros deberes financeiros asumidos	
TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS	